

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Educación Secundaria Obligatoria

1º e 2º ESO:

Para obter a cualificación de final de curso das alumnas e alumnos de 1º e 2º de ESO, se terán en conta os seguintes aspectos:

1) Haberá unha proba final de avaliación que puntuará un 80% e incluírá todas as destrezas (gramática 20 %, listening 10 %, reading 10 %, speaking 20 % e writing 20 %).

2) As redaccións, traballos (individuais ou non) e exercicios puntuables forman outro bloque que, feita a media de tódalas cualificacións, contará un 10% na nota final. Unha redacción ou traballo sen facer ou entregar puntúa cero; só se recollerán na data fixada. Chamamos “exercicios puntuables” a controis de un ou dous exercicios sobre algún aspecto concreto (vocabulario, verbos irregulares, etc.)

O libro de lectura obrigatorio entrará neste apartado, e poderá restar ata un 10 % da nota final se o alumno abandona ou non realiza esta proba.

3) Competencias, actitudes, valores e normas: 10%

4) Caderno: As alumnas/os deben ter un caderno grande. Se valorarán aspectos tales como a presentación, que estea completa, que estea ben corrixida, que estean tódalas fotocopias e que estean pegadas, e que o vocabulario estea diferenciado do resto, tal como se lles explica a principio de curso. Se o caderno non cumprise ningún ou algúns destes aspectos podería repercutir na nota restando ata 1 punto á nota resultante de aplica-los criterios anteriores.

A **nota final do curso** terá en conta as notas das tres avaliacións, sendo a última avaliación a máis importante aínda que non suficiente por si mesma para aprobar. En caso de que o alumno/a suspenda a terceira avaliación, ou tamén no caso de que suspenda dúas das tres avaliacións, poderá presentarse a unha proba global se a profesora o estima apropiado unha vez valorada a súa evolución durante o curso.

3º e 4º ESO:

Na nota **final de cada avaliación**, os instrumentos de avaliación reflectidos nos apartados 1, 2 e 3 , xunto coa actitude, a asistencia á clase regular e puntual, e outras actitudes positivas de cara á materia, como traer á clase o material que se precisa, mostrar interese na materia, participar nas

tarefas de grupo, atender e preguntar dúbidas, organizarse para levar as tarefas ao día, ser coidadoso co traballo, ser respectuoso e observar as normas de convivencia, respectar as diferenzas, rexeitar a violencia física e verbal e mostrarse solidario darán un máximo do **20%** da nota.

O restante **80%** acadarase coas notas obtidas por medio dos instrumentos recollidos no apartado 1.

A **nota final do curso** terá en conta as notas das tres avaliacións, sendo a última avaliación a máis importante aínda que non suficiente por si mesma para aprobar. En caso de que o alumno/a suspenda a terceira avaliación, ou tamén no caso de que suspenda dúas das tres avaliacións, poderá presentarse a unha proba global se a profesora o estima apropiado unha vez valorada a súa evolución durante o curso.

Bacharelato

Na **nota final de cada avaliación**, os instrumentos de avaliación reflectidos nos apartados 1, 2 e 3 , xunto coa actitude, a asistencia á clase regular e puntual, e outras actitudes positivas de cara á materia, como traer á clase o material que se precisa, mostrar interese na materia, participar nas tarefas de grupo, atender e preguntar dúbidas, organizarse para levar as tarefas ao día, ser coidadoso co traballo, ser respectuoso e observar as normas de convivencia, respectar as diferenzas, rexeitar a violencia física e verbal e mostrarse solidario darán un máximo do **20%** da nota. Se un alumno/a ten unha valoración negativa neste apartado, non poderá aprobar o curso en base soamente ás notas obtidas nos exames. O restante **80%** acadarase coas notas obtidas por medio dos instrumentos recollidos nos apartados citados anteriormente.

A **nota final do curso** terá en conta as notas das tres avaliacións, sendo a última avaliación a máis importante aínda que non suficiente por si mesma para aprobar. En caso de que o alumno/a suspenda a terceira avaliación, ou tamén no caso de que suspenda dúas das tres avaliacións, poderá presentarse a unha proba global se a profesora o estima apropiado unha vez valorada a súa evolución durante o curso.